

NOTA

Os premios do apartado  
de investigación publicanse  
en formato independente.



## CONCURSOS DA "VI ROMARÍA ETNOGRÁFICA RAIGAME"

### VILANOVA DOS INFANTES - 17 DE MAIO DE 2007

En Celanova, o 10 de setembro de 2007 constituíse o xurado correspondente, para analizar os traballos presentados aos concursos Literario, de Fotografía e de Investigación Etnográfica convocados pola organización da "VI Romaría etnográfica Raigame" celebrada en Vilanova dos Infantes o pasado 17 de Maio día das letras galegas, resolvendo cada un deles o seguinte:

#### LITERARIO

O xurado constituído por José María Rodríguez Álvarez, Lalo Pavón González e Felipe Ferreiro Feijóo acordou conceder os premios da seguinte maneira:

**Primeiro premio** de 600 €: DESERTO.

**Segundo premio** de 300 €: Ao traballo presentado baixo o pseudónimo de *Furga garabela* titulado "OS BOCADOS DA FERRUXE", de **Alba Cid Fernández** de Ourense.

**Menores de 16 anos**, premio de 150 €: DESERTO.

#### FOTOGRAFÍA

O xurado constituído por: Xesús Fariñas Navarro, Jesús Regal Rodríguez e Francisco Javier Álvarez Campos acordou conceder os premios da seguinte maneira:

**Primeiro premio** de 600 €: Á fotografía presentada por **Milagros Fernández Silva**, de S. Félix de Navia-S. Amaro (Ourense), baixo o pseudónimo *Mila* e co título "FOTO 3".

**Segundo premio** de 300 €: Á fotografía presentada por **José Luis Diz Rodríguez**, do Carballiño (Ourense), baixo o pseudónimo *Ecós* e co título "A SOMBRA DANZANTE".

Ademais, o xurado acordou conceder tres accesits, sen premio económico, que serán publicados na revista Raigame a:

**José Luis Barca Buyo**, de Ordes (A Coruña), pola fotografía titulada "100% AUTÉNTICO".

**José López Pérez**, de Santiago (A Coruña), polas fotografías tituladas "O CESTEIRO" e "LERIA".

**Menores de 16 anos**, premio de 150 €: Deserto

#### INVESTIGACIÓN

O xurado constituído por: Francisco Calo Lourido, Clodio González e Carlos Xesús Varela Aenlle acordou conceder os premios da seguinte maneira:

**Primeiro premio** de 600 €: Ao traballo presentado baixo o pseudónimo *Antón Sobrado Grixalba* e titulado: *Colectivos Artesáns. Para unha etnografía dos portadores de saberes tradicionais*. Aberto o sobre, o traballo resultou ser de **J. Antonio Fidalgo Santamariña**, de Ourense.

**Segundo premio** de 300 €: Ao traballo presentado baixo o pseudónimo *Aconchón* e titulado: *Cultura e fala popular de San Ciprián de Hermisende. Unha achega etnográfica e léxica para o estudo do idioma galego en áreas periféricas da nosa comidades*. Aberto o sobre, o traballo resultou ser de **Xosé Rodríguez Cruz**, da Gudiña, Ourense.

**FOTOGRAFÍA**

**PRIMEIRO PREMIO - 2007**

**Milagros Fernández Silva**






FOTO 3

**LITERATURA**

**SEGUNDO PREMIO - 2007**

**Alba Cid Fernández**





# Os brocados da ferruxe

*A* historia de Hermida podería escribirse  
no gume de calquera faca.

*Que sexa eu quen, dende a ruela da memoria, bote luz a un conto  
chamuscado polos anos, é case unha obriga.*

*Hermida foi o misterio imprescindible da miña nenez.*

*Deliciosa cantarea de sedeños  
anarquicamente dispostos arredor  
daqueles dous ollos coma candeas,  
baixara unha seriña do Villalón que  
tiña parada diante da casa.*

*Apeárase coma a boina do avó, con  
deixadez e abafo.*

*Apeárase con bolboretas de borralla nos  
beizos.*

*Apeárase... e logo de xeiras de abandono a durmir nos chanzos das escaleiras setentrionais da catedral e a facerlle garatuxas á fame na praza das Mercedes, miña nai decidira ver de contratala para a casa.*

*Porque Hermida, muller sempre nena de sorriso de boroa a arrecendo a berce, esgotando as manciñas a fregar no enlousado dos meus días primeiros, non tiña a ninguén. Ou iso nos fixo crer.*



*Véxoa, e vexo tamén o verán mol de cereixas e río. Mentres mamá a adoutrinaba no servizo, os días medraban na sollía solaina coa dozura dos adxectivos explicativos. A ela gustáballe peitearse con trenzas, respirar o abrente dende a porta da entrada e matar as horas con preguntas que turraban pola miña curiosidade...*

*-Pequeno...  
verdade que  
nunca voaches nun  
cabaliño do demo?*








*E a min, pequeno bailanacriba, gustábame recoller as cuestións e enfialas con respostas fabulosas. Xogar ás bolas na beirarrúa e facer barcos coas follas ocres das árbores que logo aboiarían nas correntes outonais.*

*Decateime do trafego dos anos cando o chaleco de liño comezou a apertarme moitos as costas. Así, mentres soñaba ver na rúa deleitosa a leiteira doutroa da que ela me falaba, e a castañeira do recanto beixe marcaba os pases dos outonos... o neno que espreitara a súa chegada de manteiga e filloas converteuse en mozo.*

*Miña nai, tecelá senlleira dos traballos e os días.*





*Ela, pexegueiro que abrochaba á vida da pequena cidade oculta.*

*As semanas inzaban de rituais: o bulicio trepador dos días de feira, o silencio roto polas historias de meu pai na noitebra, o canto dos grilos do sono... Pero se había un son vizoso como unha vimbieira e xenuíno tal o toxo arnal, ese era o asubío inconfundíbel do afiador avantando polas rúas.*

*O sol da mañá na roda que nunca cansaba e o chifre agudo, presenza do mozo ergueito proclamando a súa ocupación no universo das rúas empedradas. A xentiña que baixaba das casas cos seus coitelos e tesoiras, palillando na conversa ao seu redor.*

*Porque el era o flamante pregoeiro das novas ligado á tarazana, o deseñador de mil e unha fantasías percorrendo vilas.*

*El era o cartógrafo de congostras e corredoiras, de ruelas e travesías.*

*El era o aceiro tras da brêtema e o sal alén da chuvia.*

*Chamábase Ramiro. Aínda que ninguén adoitaba empregar tal nome. A miña amizade co afiador único era unha nota de ledicia na cegueira da cotidianidade.*

*Enfrontando co vento a dentadas, besbellaba as verbas máxicas que me producían arrepiños. Un código no que o lume era “rufo” ou a auga “oreta”, e aqueles da miña idade, xa mozos, “guezos”... Un falar único e segredo, que me descubría semana a semana, baixo un pauto endemoñado segundo o cal eu non confesaría canto aprendera.*

*E mentres eu escoltaba as súas lección de barallete e xistra, a doce Herminia era a encargada de baixar onda el cos apeiros. Compeñedor innegábel, polas súas mans pasaron paraugas ou fontes de metal, penicos ou pechaduras lambendo parrafadas. Herminia ollábao milimetricamente, mansa e demorada. Porque ela tería entón uns dezasete anos, buxaina viva, muller sempre nena de nariz feituco e andares de ondina.*

*A tintura satinada da miña inocencia non puido intuír o que acontecía.*

*Só co paso dos anos, percibimos un curioso aumento de aparellos metálicos na casa. Media ducia de tesoiras, navallas de mil e unha talladuras... Nun primeiro intre, miña nai achacou o rechamante incremento de útiles ás miñas longas conversas co Ramiro.*

*E eu deixei na felpa do seu erro por un tempo. Era divertido. Os meus pais, créndome presa do encanto da madeira de buxo do chifre, enmeigado pola solermeira xerga que eu comezaba a aprender...*





*Iñantes de xurarlles que eu non mercara ren, comecei a investigar. No cuartiño de Herminia, agochábase tamén unha novidosa restra de paraugas... Por outra banda, cambiaba de sorriso con só oír aquilo son algareiro, con só albiscar a roda alén das cortinas.*

*E é que a historia de Herminia podería escribirse enteira no gume de calquera faca.*

*Debería escribirse cos visos da melancolía e o ruxerruxe das ausencias.*

*Lémbroo ben. Fixera eu dezasete anos, e aquela mesma semana, nada máis sentir a Ramiro no enlousado, Herminia baixou atropelando os pés. Incluso antes ca min.*

*E esa foi a súa última imaxe. Un relampo na escaleira. As trenzas desfeitas e a tesoirna na man.*

*Herminia baixaba a colleitar un dicir solermeiro, un “furga garabela” de mel nos seus beizos doutos...*

*Que fora eu quen de dar acubillo na pel das follas e este conto, era unha obriga coa propia identidade, co encaixe enigmático dos anos pasados.*

*Tampouco a Ramiro o volvín a ver. Marcharon lonxe a afiar novos lares, a amolar días na lareira do agarimo e a construíren inverniás de conto.*

*Marcharon como viñeran. Rutilando con faíscas.*


*Agora que eu uso boina como o avó o facía e teño tamén netos, comprobo que os veráns seguen a ser de cereixas e río. Mais trocaron moitas cousas. E eu de novo na casa-berce, a soas coa memoria sempre-nena, sempre-madreselva, comungo cos meus ontas en salmoeira.*

*Alento morriñoso cos brocados da ferruxe.*

**FOTOGRAFÍA**

**SEGUNDO PREMIO - 2007**

**José Luis Diz Rodríguez**





*A sombra danzante*



**FOTOGRAFÍA**  
**ACCÉSIT - 2007**

**José Luis Barca Buyo**





*100% auténtico*





**FOTOGRAFÍA**  
**ACCÉSIT - 2007**

**José López Pérez**

*Leria*





*O cesteiro*



17 de maio, 2007. Vilanova dos Infantes (Celanova)

# VI

## ROMARÍA

### ETNOGRÁFICA

## RAIGAME



